



**Universidade
de Vigo**
Campus
de Vigo

Mestre en EDUCACIÓN PRIMARIA

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

MESTRE EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Os mestres son as persoas encargadas de ensinarlles e mostrarlles o mundo aos nenos que comezan a escola. É unha titulación da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, que antes se chamaba Profesorado de EXB, pero dende a LRU esta titulación converteuse en sete diferentes, das cales na Universidade de Vigo se dispensan seis. Os mestres son os encargados de formar as xeracións dos futuros cidadáns, e neles recae a responsabilidade de que unha persoa non se adapte á sociedade, non saiba recoñecer os valores humanos, o que pode crear neles problemas psíquicos, motivo polo que os mestres teñen que estar moi ben preparados para esta tarefa. No caso do Mestre en Educación Primaria, estes titulados encárganse da educación do neno desde os seis anos, a partir da educación infantil, e durante toda a educación primaria. A formación destes profesionais é moi xeral, xa que estes mestres van iniciar os nenos en todas as materias académicas, polo que a súa formación abrangue desde ciencias naturais ata literatura, pasando por matemáticas, arte e idiomas.

OBXECTIVOS

- Desenvolver integralmente todas as capacidades do futuro educador nos campos científico e pedagóxico.
- Conquistar a liberdade persoal desde a incorporación dos valores.
- Fomentar actitudes críticas ante o pluralismo de mensaxes emerxentes na sociedade, sempre con criterio de apertura e opción polos valores.
- Formar educadores que leven á escola e á sociedade o modelo humano para cambiar desde estas claves a sociedade do futuro que construírán os nenos do presente.
- Capacitar os alumnos que o desexen para ser profesores de Relixión na educación primaria.

METODOLOXÍA

- Tendencia á educación personalizada que fomente a autonomía, a creatividade e o respecto ao ritmo individual.
- Educación socializada que faga da escola: un medio de traballo en equipo, un ámbito de diálogo e encontro e un lugar de convivencia serena e gratificante.
- Educación activa: o alumno é o principal axente do seu proceso educativo e participa no que atinxe á súa responsabilidade.
- Educación responsable: participación orgánica no funcionamento do centro, constancia no traballo, para o que dispón dunha ampla biblioteca e de instrumental didáctico. A obrigatoriedade da asistencia diaria a clase contribúe a facilitar a aprendizaxe.

ESTRUTURA

Estes estudos son unha diplomatura, e como tal teñen só 1º ciclo, de tres anos de duración, e cunha carga lectiva de 204,5 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira.

MERCADO DE TRABALLO

As saídas profesionais son moitas: poden traballar en academias, escolas, bibliotecas e centros educativos de hospitais e cárceres, centros educativos de ONG e noutras áreas que nada teñen que ver con eles.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU.
- Todas as modalidades do bacharelato LOXSE.
-

Para consultar os accesos desde a formación profesional ou accesos aos segundos ciclos, de ser o caso, pódese entrar na páxina web de Extensión Universitaria de Vigo <http://extension.uvigo.es/> ou dirixirse ao SIOPE da Universidade de Vigo.

PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Didáctica xeral	T	9
Matemáticas e a súa didáctica I	T	9
Psicoloxía da educación e do desenv. en idade escolar	T	9
Socioloxía da educación	T	4.5
Teorías e institucións contemporáneas de educación	T	4.5
Ciencias da natureza	O	6
Historia universal	O	6
Lingua española	O	6
Lingua galega	O	6

SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Bases pedagóxicas da educación especial	T	4.5
Bases psicolóxicas da educación especial	T	4.5
Ciencias sociais e a súa didáctica	T	9
Didáctica das ciencias da natureza I	T	4.5
Didáctica das ciencias da natureza II	T	4.5
Educación artística e a súa didáctica	T	4.5
Lingua e literatura e a súa didáctica I	T	6
Lingua e literatura e a súa didáctica II: español *	T	6
Lingua e literatura e a súa didáctica II: galego *	T	6
Novas tecnoloxías aplicadas á educación	T	4.5
Organización do centro escolar	T	4.5
Matemáticas e a súa didáctica II	O	6
Libre elección	LE	12

* para escoller polo alumno

TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Educación física e a súa didáctica	T	4.5
Idioma estranxeiro e a súa didáctica: francés*	T	4.5
Idioma estranxeiro e a súa didáctica: inglés*	T	4.5
Prácticum	T	32
Xeografía xeral	O	6
Optativas xerais	OX	18
Libre elección	LE	9

* para escoller polo alumno.

OPTATIVAS XERAIS

Disciplinas	Tipo	Créditos
A mensaxe cristiá: síntese da fe cristiá	OX	6
Cultura galega e a súa didáctica	OX	6
Didáctica da educación infantil	OX	6
Educación no tempo libre e animación social	OX	6
Educación para a saúde	OX	6
Ética e educación para a democracia	OX	6
Ferramentas informáticas	OX	6
Filosofía do home	OX	6
Historia da arte e a súa didáctica	OX	6
Pedagogía da relixión	OX	6

nota: a oferta específica de materias optativas xerais será determinada pola universidade para cada curso académico

Outorganse créditos de libre elección por:

Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.

Outras actividades: cursos, seminarios, escolas oficiais de idiomas e conservatorios superiores e profesionais de música.

- T** Troncal **OX** Optativa xeral
O Obrigatoria **LE** Libre elección
OP Optativa obrigatoria

Ficha

Titulación	Mestre en educación primaria
Centro	Escola universitaria do profesorado de Vigo. Centro adscrito.
Ensinanzas	Primeiro ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	01/02
Data do B.O.E.	04/12/01

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
129.5	36	18	21	Non	204.5

Información

Eu de formación do profesorado de Vigo.

Centro adscrito

Estrada de Madrid, 8

36214 Vigo

Tfno. 986 414 498

Fax. 986 421 381

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles

Campus de Vigo

36310 Vigo (Pontevedra)

Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639

Correo electrónico: siope@uvigo.es

www.uvigo.es

Este folleto ten exclusivamente carácter divulgativo, sen que o contido teña valor xurídico vinculante. É susceptible de modificacións concretas.